

II SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

## Custodia do territorio e apadriñamento: A implicación cidadá na conservación da natureza

### EXCURSIÓN

DOMINGO 6 DE OUTUBRO

#### **Visita á lagoa de Sobrado**

Para remata-las actividades da Semana faremos unha ruta por Sobrado dos Monxes. Guiados por bos coñecedores do patrimonio natural e monumental da zona, primeiro visitaremos as árbores senlleiras locais (os freixos da Porta e o carballo de Portacal), cruzaremos a notable carballeira da Casa do Gado, percorrermos unha fermosa paisaxe en mosaico e descansaremos na lagoa de Sobrado. A pesar da importancia desta zona húmida, aínda non forma parte da rede galega de espazos naturais protexidos. Alí poderemos observar aves tan espectaculares como o somorgullo cristado. Antes da comida de campo, faremos unha pequena recollida de lixo na contorna da lagoa para compensar á natureza pola contaminación producida no desprazamento en autobús. Logo nos achegaremos á lagoa de Millares e, por último, visitaremos-lo mosteiro de Sobrado. Aparte da importancia monumental e do pasado cultural do mosteiro, hai que lembrar que foron os monxes os que crearon hai 500 anos a lagoa que leva o seu nome.

O punto de encontro será o ambulatorio de Betanzos ás 9:00. Levaremos un autobús (no caso de que se apunte xente suficiente, pois de sermos poucos a excursión será cancelada). Estaremos de volta aproximadamente ás 18:00 horas.

A ruta é fácil, pero son aproximadamente 14 km, polo que é conveniente levar calzado e roupa axeitada para camiñar. Lémbrete de levar luvas para recolle-lo lixo e non esquezas os teus prismáticos. Leva tamén a comida e bebida que precisas.

O importe da entrada ó mosteiro de Sobrado (1 euro) non está cuberto pola organización.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos contratará un seguro de accidentes para os participantes, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, enderezo, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aferrar no seguro. Se téas algún tipo de problema de saúde que deba saberlo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da excursión. Apunta o seu teléfono **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a excursión.